



Acta de reunión

Órgano convocado	ACTA DA REUNIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO DÍA 25 DE XANEIRO DE 2022								
Lugar de reunión	SALÓN DE ACTOS			Ordinaria	<input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria	<input type="checkbox"/>	Urxente	<input type="checkbox"/>
Nº de reunión	5_2021/22	Data	25-01-2022	Hora inicio	18:30	Hora remate	20:00		
Moderador/a	Director: Xosé Euloxio Santos Leites								
Secretario/a	Secretaria: Mercedes Couto García								
Propósito	<ol style="list-style-type: none"> 1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior. 2. Presentación e aprobación, se proceder da Conta de gastos do ano 2021. 3. Presentación e aprobación, se proceder, do orzamento para o ano 2022. 4. Presentación e aprobación, se proceder, da renovación das NOF. 5. Informe sobre resultados da primeira avaliación. 6. Aprobación, se proceder, da proposta de actividades do 2º trimestre. 7. Rogos e preguntas. 								
Asistentes	<p>DIRECTOR: Euloxio Santos Leites.</p> <p>XFES de ESTUDOS: Anxo Rodríguez Rodríguez., Ángel Suárez Ríos</p> <p>SECRETARIA: Mercedes Couto García.</p> <p>PROFESORADO: Montserrat Paz Núñez, Santos Seara Escudero, Mª Jesús Magariños Rey, Mónica Rodríguez Nieto, Rosa Martín Bejarano, Mar Castrillón González.</p> <p>PAS : Ángeles Vázquez Salgado.</p> <p>PAIS/NAIS: Mª Mar Cerviño Escaneo, Luísa Álvarez Zaragoza.</p> <p>ALUMNOS/AS: Mirian García Puentes, Nuno Lima Méndez, Víctor M. Alonso Alonso.</p> <p>CONCELLO: Gabriela Romero Bandeira.</p>								

Temas tratados

No **primeiro punto** da orde do día, sométese a votación a acta do Consello Escolar do día 30 de novembro de 2021, remitida con anterioridade ós/ás membros do mesmo, na que se recolle a inclusión de Dna. Luísa Álvarez Zaragoza como representante na Comisión de Convivencia do centro. Apróbbase por unanimidade.

No **segundo punto** da orde do día, o Director expón a conta de gastos correspondente ao ano 2021, a cal ascende a **625.323,62** euros, así como a conta de ingresos, que é de **1.131.296,20** euros, dos cales **131.788** euros son un anticipo da Consellería para o ano 2022. O remanente resultante que se incorpora ao exercicio de 2022 é de **269.250,85** euros na conta da Consellería, e de **104.930** euros na conta de ERASMUS+. A continuación, sométese a votación, sendo aprobada por unanimidade a conta de gastos do ano 2021.

No **3º punto da orde do día** o Director presenta a proposta de orzamentos para o ano 2022, que ascende a **689.241** euros, aclarando que é unha aproximación, xa que neste momento se descoñece a contía total dos ingresos. Sométese a proposta a votación e apróbbase por unanimidade.



No **cuarto punto** da orde do día, preséntase a proposta de modificación das **NOF** que corresponde renovar no presente curso. Dita proposta foi aprobada no Claustro do 21 de decembro, posteriormente foi remitida por correo electrónico ós/ás membros do Consello Escolar. Sométese a votación e apróbase por unanimidade.

No **5º punto da orde do día** o Director dá lectura e explica os resultados acadados polo alumnado da ESO, Bacharelato e FP na 1ª avaliación, dos que cabe destacar:

1º ESO: O alumnado que aproba todo (41,6%) é 4 puntos superior ao curso pasado. O alumnado que suspende dúas ou menos materias (60,8%) é 12 puntos superior ao curso pasado.

2º ESO: O alumnado que aproba todo (41%) e o que suspende dúas ou menos materias (60,6%) son 4 puntos inferior ao do curso pasado.

3º ESO: O alumnado que aproba todo (36,3%) é 3 puntos inferior ao curso pasado. O alumnado que suspende dúas ou menos materias (60,7%) é 9 puntos superior ao do curso pasado.

4º ESO: O alumnado que aproba todo (41,5%) mellora en 12 puntos ao do curso pasado. O alumnado que suspende dúas ou menos materias (66%) é 5 puntos superior ao do curso pasado.

1º BACHARELATO:

ARTES: Os resultados son similares aos obtidos os dous últimos cursos: aproba todo o 20,3% do alumnado e

CIENCIAS: O alumnado que aproba todo (32%) é 13 puntos inferior ao do curso pasado. O alumnado que suspende dúas ou menos materias (49%) é 20 puntos inferior.

2º BACHARELATO:

ARTES: O alumnado que aproba todo (22,5%) é 12 puntos inferior ao do curso pasado. O alumnado que suspende dúas ou menos materias (57,8%) é 5 puntos inferior.

CIENCIAS: O alumnado que aproba todo(39,6%) é 7 puntos superior ao do curso pasado. O alumnado que suspende dúas ou menos materias(66%) é 10 puntos superior.

FP: Titulan na convocatoria de decembro 95 alumnos/as (o curso pasado foron 68). Da familia de Electricidade son 46, de Fabricación Mecánica son 24, de Edificación e Obra Civil son 15 e 10 da familia Instalación e Mantemento.

FP Básica: No primeiro curso aproba todo o 35,3%, mellorando en 12 puntos os resultados obtidos no curso pasado. Empeora en 17 puntos o alumnado que suspende dous ou menos módulos (47%).

No segundo curso, o alumnado que aproba todo (33,3%) empeora en 12 puntos con respecto ao curso pasado. O 66,7% do alumnado suspende dous ou menos módulos.

Establécese un debate sobre as cifras, as actividades de reforzo, as posibles medidas correctoras, etc.,

No **sexto punto** da orde do día, preséntase a proposta de actividades extraescolares para o segundo trimestre, advertindo de que poderase incorporar outras actividades que sexan de interese, sempre que a situación da pandemia o permita. Apróbase por unanimidade a proposta.

En **rogos e preguntas**, fórmulanse os seguintes:

- O Director informa sobre a situación COVID no centro.



- A profesora Mónica Rodríguez solicita a instalación de sistemas purificadores de aire nas aulas e medidores de CO2.
- A profesora Montserrat Paz solicita que se informe ás familias que cando un alumno/a está confinado o seguemento fáiselle a través da aula virtual e que son os alumnos/as quen deben de entrar nela, e non esperar a que lles chegue un aviso. A nai Mar Cerviño comenta o caso de profesorado que non pon actividades na aula virtual. O director lle responde que neses casos debe comunicalo ao titor/a ou a Xefatura de Estudos.
- A nai Luisa Álvarez pregunta sobre a metodoloxía seguida nas avaliacións, sendo aclarada por parte dos presentes.

E non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizado o Consello Escolar sendo as 20:00 horas, levántandose esta acta para dar constancia dos acordos adoptados.

Acordos

- Aprobación das NOF.
- Aprobación da conta de gastos do ano 2021.
- Aprobación dos orzamentos para o ano 2022.
- Aprobación das actividades do 2º trimestre.

Visto e prace moderador/a

Euloxio Santos Leites

O/A secretario/a

Mercedes Couto García